



INFORME TRABALLO DE CAMPO PARA A CREACIÓN DUNHA PROPOSTA DE MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN E NORMALIZACIÓN DO GALEGO

FEBREIRO 2025

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO
7 DE FEBREIRO DE 2025



Unha proposta de
Asociación de Medios en Galego (AMEGA)

Elaborada por
Iago Varela Martínez

Coa colaboración de
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Publicación
Febreiro de 2025

INTRODUCCIÓN

O presente informe ten como obxectivo servir de base para identificar e compilar unha serie de **medidas concretas para potenciar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade**. Este traballo enmárcase na vontade de promover a normalización lingüística e fomentar o recoñecemento do galego como un elemento esencial da nosa identidade cultural e social.

Para a súa elaboración, realizouse un exhaustivo traballo de campo baseado na recollida de información mediante entrevistas a persoas representativas de diferentes ámbitos: cultural, educativo, empresarial, asociativo, mediático, deportivo, entre outros. O enfoque metodolóxico consistiu en **promover unha reflexión inicial sobre a situación actual da lingua galega**, para a continuación afondar na **identificación de propostas específicas** que permitan avanzar na súa normalización e prestixio.

A diversidade de perspectivas e experiencias recollidas nas entrevistas permite ofrecer unha análise ampla e enriquecida, orientada a deseñar accións que respondan ás necesidades e desafíos do contexto actual. Este documento estrutúrase en diferentes seccións que resumen as reflexións principais e detallan as medidas propostas polas persoas entrevistadas, co fin de servir como base para futuras iniciativas e proxectos no ámbito da normalización lingüística.

PERSOAS PARTICIPANTES

Para a elaboración deste informe realizouse un proceso inicial de selección e contacto cunha ampla listaxe de persoas representativas de diversos ámbitos, que inclúen a política, a cultura, o ensino, ou a divulgación, entre outras.

Durante este proceso, algunhas persoas contactadas amablemente declinaron participar, mentres que outras nun puideron concretar unha cita durante todo o proceso. Con todo, contamos coa colaboración desinteresada e xenerosa de 33 persoas que si participaron, achegando reflexións e propostas de gran valor para este proxecto.

A súa disposición e implicación foron fundamentais para acadar a diversidade de opinións necesaria para poder avanzar na realización dunha análise da situación actual da lingua, a recoller as súas propostas para a posta en valor e prestixio da lingua galega.

A SITUACIÓN ACTUAL DO GALEGO

A situación da lingua galega presenta unha panorámica complexa, con opinións que van desde un moderado optimismo ata unha visión alarmante de perigo inminente. Existe consenso en que o galego perdeu falantes e espazos nos últimos anos, especialmente entre a poboación infantil e xuvenil, debido á falta de transmisión interxeracional e á ausencia de medidas institucionais eficaces para frear esta tendencia.

Hai opinións que destacan unha situación de retroceso significativo, sinalando que o galego está en perigo de se converter nun idioma residual en poucas décadas se non se toman medidas drásticas. Indícase que as políticas da Xunta de Galiza non só non favorecen o seu uso, senón que contribúen ao seu debilitamento, principalmente dende o Decreto do Plurilingüismo. Alégase que as institucións estatais tampouco actúan a favor da lingua, creándose unha situación de exclusión progresiva do galego en moitos espazos sociais e institucionais.

Hai un consenso en que a xuventude cada vez fala menos galego, normalizándose o castelán como lingua predominante na escola, na comunicación social e no lecer. Alégase que moitos nenos e adolescentes non establecen unha relación afectiva coa lingua, e mesmo a ven como algo anticuado ou pouco atractivo.

As críticas máis severas apuntan á responsabilidade do goberno galego, que non implementa medidas eficaces de normalización e que mantén unha política de "morte doce" do idioma, aplicando só medidas paliativas sen atacar o problema de fondo. Tamén hai críticas cara ao papel da Real Academia Galega (RAG) e do Consello da Cultura Galega (CCG), que foron considerados pouco críticos ou incluso colaboracionistas con esta política.

A nivel social, fórmase unha situación de "atonía", con falta de acción política e mobilización insuficiente. A maior parte da poboación vese como indiferente ao problema, o que dificulta a creación dunha conciencia colectiva sobre a necesidade de reforzar o galego como lingua vehicular en Galicia.

A pesar do panorama xeral pesimista, existen algúns factores esperanzadores. A escrita en galego experimentou unha certa revitalización, e houbo un incremento de neofalantes nos últimos anos. A música e a cultura galega, así como o activismo dixital, están a xerar novos referentes e espazos de uso para a lingua. A xuventude, malia a perda xeral de falantes, amosa unha valoración positiva do galego en moitos casos, o que podería indicar un potencial de recuperación se se aplican políticas axeitadas.

Malia que para moitas das persoas enquisadas a situación do galego é crítica, aínda hai espazo para a esperanza se se adoptan medidas firmes. O futuro da lingua depende en gran medida da vontade política, do compromiso social e da creación de novas oportunidades de uso para que o galego siga sendo unha lingua viva e de futuro en Galiza.

OPINIÓNS INDIVIDUALIZADAS DAS PERSOAS ENQUISADAS

Opinión 1. Non son especialmente pesimista. Vexo cousas ao meu redor positivas, naturalmente menos das que eu quixera, conquistas, avances. O maior desafío está no ámbito infantil e xuvenil.

Opinión 2. Retroceso en moitos ámbitos. Falta de interese do goberno galego por garantir o galego en todos os ámbitos. Falta de posibilidade de uso real que fai que se use menos. Retroceso nos falantes. Exclusión do coñecemento e uso, mesmo no ámbito privado. O goberno galego non o fai, nin tampouco o español. Falta tamén regulación: hai moita cousa regulada para o español, pero non para o galego.

Opinión 3. A situación é preocupante, especialmente nas idades máis curtas, porque non hai relevo xeracional de xente que fale en galego. Preocupante tamén que a tendencia provoque a perda de lugar nos espazos públicos, medios de comunicación e ámbito universario, entre outros. É necesario actuar para reverter canto antes

Opinión 4. A situación é moi preocupante, pero non é unha novidade. O problema principal é que existe unha situación onde a poboación considera o tema do idioma un tema menor. E outra minoría que pensa que está ben. Pero tamén hai unha minoría que é ultra-contraria ao galego. O reto está en como facer que a maioría indiferente tome conciencia de que o idioma é unha causa fundamental.

Opinión 5. Depende de como se mire e con que se compare, porque hai linguas minorizadas que están peor. Desde a nosa perspectiva, a situación pode ser considerada "fatalítica" porque perdemos moitos falantes, pero tampouco é o momento de chorar.

Opinión 6. Existe un proxecto de substitución lingüística planificado, un desenvolvemento que chega do franquismo. Existe un proceso de asimilación e compra de sectores do galeguismo co españolismo. Existe unha demolición controlada da lingua. Pero é un proceso colectivo, con diferentes graos de responsabilidade. O goberno galego non vai tomar ningunha medida que promova o galego porque pensa que favorece ao nacionalismo. E tamén hai un importante desleixo por parte da sociedade galega, que abandonou a acción e compromiso pola lingua, descansando sobre a hipotética dirección no institucional.

Opinión 7. Hai dúas visións: desde a perspectiva histórica, mellor que hai moito tempo (e isto non é menor, porque moita xente veu melloría, desde que pegaban ás crianzas por usar galego a agora ser unha lingua recoñecida). Desde a perspectiva persoal, hai unha desvalorización (estaba de moda, pero agora hai unha gran perda de valor en moitos espazos, nenos amosando repulsa ou noxo polo galego e outros aos que lles custa expresarse en galego. A perspectiva depende das xeracións.

Opinión 8. Situación e atonía total: desidia e desinterese por parte da Xunta; valoración negativa do papel da SXPL, que se dedica a inauguración de xornadas, congresos... pero non adopta ningunha medida, tan só axudas rutineiras (materiais, editoriais). Parece que se agarda á morte doce do galego. Os outros actores institucionais tamén teñen a mesma atonía, non hai unha acción municipal defendible; os concellos fan unha labor institucional de baixa intensidade, non se aproveitan as potencialidades ou

das Deputacións para promover cambios. No social, moita liturxia, pero non chegan as manifestacións. Situación desesperanzadoras, porque non hai tensión política nin social.

Opinión 9. O galego está en coma; vai camiño da desaparición; con esta tendencia en 50-60 os usuarios serán residuais; situación semellante á Bretaña; o galego ten recoñecemento institucional pero ninguén o fala. Todo está mais centrado na parte cultural, pero hai que facer algo para reverter esta situación. As institucións, a sociedade e as familias teñen responsabilidade. o punto de partida foi o decreto do bilingüismo; pero é necesario facer un pacto de todas as forzas políticas para reforzar o idioma: Loita de todos xuntos e concepción social fundamental. Aínda hai partidos que non apostan por medios en galego.

Opinión 10. Novas xeracións foron perdendo a lingua, e o coñecemento activo. Agora hai máis ignorancia sobre a lingua; o decreto do ensino foi demoledor; normalizouse que o castelán sexa o normal. A xente que fala en galego fana sentirse maleducada, avergonzada; oferta audiovisual moi pobre; moitos nenos non teñen unha relación afectiva co galego ou nas actividades extraescolares.

Opinión 11. Panorámica de contraste entre dous extremos: hai recuperación e tamén hai perda de falantes: recuperación na escrita, incorporación de neofalantes nos últimos 20 anos; que se use no parlamento, nos medios de comunicación ou no ámbito técnico científico. En paralelo desapareceu a incorporación de falantes iniciais; continúa habendo fugas diglósicas, hai uso oral espontáneo peor do galego Situación paragóxica entre recuperación e perda (hai indicadores dos dous).

Opinión 12. Situación mala. Paradoxo interesante: a xente nova, que menos a fala é á vez quen máis a valora. Se se perde é polos maiores; a situación é mala pero non apocalíptica; hai un discurso antigalego moi forte que hai que reverter.

Opinión 13. Situación crítica, pero reversible: incumprimento de normativa mínima; despois de vivir a erradicación do galego, é lóxico que o pobo viva as consecuencias negativas do que é a falta de lingua, de expulsión dos ámbitos de prestixio... por iso cando se inaugura o novo réxime segue a manter o supremacismo do español como lingua oficial do estado. Condicións moi limitadas; cumpría poñer o galego na administración, na igrexa, na tv, en todos os medios... non se fixo e acumulamos moitas décadas de mal facer. O que cumpría era aclarar as necesidades do galego; aclarar concepto de normalización, como lingua "omnifuncional", que ten difusión en todos os ámbitos. A crise hai que resolvela a prol dos dereitos da lingua e proceso de reintegración.

Opinión 14. O galego retrocede e cada vez se fala menos; o castelán esténdese na xente nova. Moi pesimista: necesario tomar política moi potente, porque senón en 2-3 xeracións será lingua moi residual; fora da sociedade; a transmisión directa do idioma pérdese.

Opinión 15. Creo que os datos de perda de falantes e de transmisión son moi alarmantes, aínda que tamén se ven casos de esperanza sobre todo no activismo lingüístico dixital, mais tamén na presenza de novos referentes en campos como a música e a cultura.

Opinión 16. Situación dramática, aínda que reversible. O problema non é individual, senón colectivo. O problema é a ausencia de lugares de prestixio (ex: música en auxe, pero non hai programa). É un problema estrutural, coa españolización do sistema educativo (lingüístico). É necesario crear espazos de prestixio (que considere prestixio a adolescencia) e a necesidade dun sistema de ensino galego monolingüe (segundo carta europea das linguas), plena inversión lingüística.

Opinión 17. Penso que o galego está a perder espazos, como todo o que nos é peculiar e humano. É un aspecto máis da crise da cultura. Non creo que se poida abordar o problema illadamente.

Opinión 18. Situación catastrófica. O galego deixa de ser lingua da xente nova; queda como lingua de xente de idade. Se non hai mudanzas, futuro negativo; nas últimas décadas (e sobre todo a partir do 2009 e o decreto de plurilingüísimo), moito a peor. A situación actual: o galego perdeu condición de lingua maioritaria; queda como lingua en extinción; estamos nunha emerxencia lingüística; vai quedar sen falantes.

Opinión 19. Perda de galegofalantes segundo a enquisa, pero non é a única ferramenta. Non se considera no estudo punto cultural a favor da lingua. Chegamos a esta situación froito das políticas do PP de Feijoo e Rueda, porque había un consenso que racharon co acordo con Galicia Bilingüe. As competencias lingüísticas mermaron, e é o momento dun novo pacto polo galego desde o consenso no ensino e indo máis aló. Non axudan os discursos fatalistas que falan da extinción, xa que non atraen. Existe sentimento de pertenza

Opinión 20. Diferenzas grandes entre cidades e o rural, e na idade. A mocidade pregunta e se aproximan pola música e polas reflexións culturais, e toman iniciativa. A situación é negra, pero vézelle futuro por esas zonas, e hai diferenzas substanciais: as institucións públicas non fan o necesario para normalizalo; o único camiño que atopei para colaborar foi dedicarme ao ensino;

Opinión 21. Situación mala e preocupante. Hai batalla e partido, pero hai que facer panca. As persoas interesadas non están unidas; falta de unión, país individualista.

Opinión 22. Houbo unha baixa (tivemos un pico en 2020 ata a normalización do ocio, que baixou). Quedou a moda do podcast, pero pode que a forma de dar premios non sexa a mellor. Nacen moitas cousas, pero non son propostas duradeiras polo traballo que leva crear contido.

Opinión 23. Perda moi importante de falantes, coa caída na transmisión entre xeracións (pero non explica todo). Hai quen non consegue que se instalen en galego, a pesar de usalo. Hexe en día é máis difícil facer vida en galego. Porén, gardamos moitos elementos ao noso favor para recuperala: proximidade entre galego e español, xa que facilita a recuperación. Temos o elemento do lusismo, ao que nos podemos achegar, e debemos amar o galego e consideralo como elemento identitario, polo que pode haber aliados para recuperalos

Opinión 24. Sen dúbida o galego está a perder espazos pero coa esperanza na xente nova que está a recuperar o orgullo de seu pero infelizmente non vén acompañado de políticas acaídas. O maior desafío está na xente nova, que é o futuro da lingua e tamén

nas novas tecnoloxías, nomeadamente na intelixencia artificial, que haberá que aproveitar e onde o galego non pode quedar atrás.

Opinión 25. A situación é catastrófica, e o galego está a piques de entrar nun punto de non retorno. Esta situación sería reversible cun goberno que apostase polo idioma, pero este en concreto non o fai, só toma medidas paliativas para que o enfermo morra sen dores, pero non intervén para sanalo porque telo vivo a ese goberno supónlle un problema.

Opinión 26. Á parte de que todos poidamos cargar as culpas nun goberno galeguicida, eu culpo tamén a nomenclatura cultural deste país por colaboracionista. Durante 15 anos a RAG, CCG etc., estiveron calados coma petos e só agora, cando os datos do IGE foron alarmantes, é cando falaron. A nomenclatura colaborou coa Xunta, eran vasos comunicantes.

Opinión 27. O pobo recibiu unha mensaxe moi clara por parte da Xunta a autoridades: o galego é algo accesorio, secundario e prescindible para a vida diaria. Non é necesario para a escola, a xustiza, a administración, os medios de comunicación...non se fixo o galego necesario ou obrigatorio para vivir en Galicia e iso estámolo a pagar, e igual o pagaremos moi caro.

Opinión 28. As chamadas chorasas a un novo pacto non me parecen sinceras. A Xunta sabe que se pasou de freada desgaleguizadora e trata de remediar algo e lavar a cara ante a sociedade, porque sabe que á xente o idioma lle é que querido como elemento sentimental. É como se un informe oficial dixese que con tanto eucalipto imos quedar sen auga e a Xunta se puxese a plantar árbores autóctonas por aquí e por acolá... serían parches porque non irían a erradicar o problema: a praga de eucaliptos, a praga do castelán que eles plantaron con ansia.

Opinión 29. O galego está en vías de extinción. Calcúlase que morren entre 9 e 25 linguas cada ano e o galego pronto será unha delas. Unha lingua que non falan os nenos é, simple e irrevogablemente, unha lingua que morre.

Opinión 30. A situación é a que é. Perda de falantes, perda do impulso da xeración Xabarán club, aborrecente bucle reivindicativo no que sempre se lle dá voltas ao sarillo sen avanzar, externalización constante das culpas, falla de autocrítica dos que remamos a favor do galego, etc. Obviamente hai unha distancia entre a capacitación "técnica" a través da escola e a realidade do uso "normal", entre os mozos. Creo que a palabra "obrigatorio" repugna, cando debemos engaiolar, seducir, atraer, etc. E a excesiva politización do tema é clave. A inercia de abandono é social e de avances tecnolóxicos que producen hábito de contacto. radio, tele, redes, non de decisión política. Lembremos que con Franco falábase moito máis galego nas casas aínda que non existise en ámbitos oficiais. Por iso, porque queremos resultados distintos temos que facer cousas distintas, hai que enfocalo doutra maneira, desistindo de topar remedios maravillosos. A realidade é poliédrica. Perde falantes por bioloxía (os vellos morren e nacen poucos nenos) e por desafección de novas xeracións e nin seduce a inmigrantes. Creo que debemos "contratar" publicistas de éxito para que a instalación en galego non sexa cousa de "fidelidade ás raíces, aos avós", á Terra, etc. cando eses valores están á baixa. Creo que deben mellorar a lingua os políticos todos, que pareza máis natural. Tratar mal á lingua é unha forma de violencia contra a cultura. Non se

pode dicir que queres a unha persoa e zoscarlle, soa falso. O outro tamén. Cantidade e calidade. Nun país de dúas linguas, debe haber indicacións empresariais neste campo. Imaxinemos que Gadis diga aos seus empregados/as, Ímoslles falar sempre en galego aos clientes de partida... Ou que cando vai un a poñer unha esquila que o modelo que lle ensinen sexa en galego e castelán. E que lle pregunten en que quere a esquila, en galego ou castelán? En que falaba o defunto cos amigos? Pois logo... Seducir en todos os ámbitos. Hai inercia de atracción e de valoración positiva -alén da política- que hai que saber aproveitar. Para iso están publicistas e logo políticos para aplicar medidas.

Opinión 31. Semella hoxe que o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, en vigor, acadou os seus obxectivos: deformou a realidade apoiándose nun uso manipulado dos termos “imposición” e “liberdade” e serviuse disto para introducir un novo prexuízo que identifica calquera acción normalizadora coa imposición do galego; reduciu a presenza do galego nas aulas, colaborando na perda de destrezas lingüísticas da mocidade (unha cuarta parte do alumnado que remata a ESO declárase incapaz de falar galego (Fonte: IGE a través da CIG_Ensino)), incumpríndose o mandato legal de que ao final de todas as etapas educativas o alumnado posúa as mesmas destrezas nas dúas linguas oficiais; diminuíu o contacto da mocidade, que é o presente e futuro da lingua, co galego (só é de uso preferente para un 5% do alumnado das cidades (Fonte: IGE a través da CIG_Ensino) e só ten unha presenza significativa no 8% do Ensino Infantil nesas cidades (FONTE: A Mesa); e incorporou un plurilingüismo tramposo e excluínste para reforzar a fenda entre o ensino público e o privado, e para afondar na marxinação da lingua galega.

Aínda tendo en conta que é a sociedade quen normaliza unha lingua e non só a escola, que só é un axente máis, pois é preciso cubrir as demandas da educación informal e de socialización do alumnado fóra do ensino; abandonouse en mans deste o proceso normalizador e o certo é que hoxe a escola converteuse nun axente desgaleguizador e resulta case un milagre que haxa alumnado que en espazos urbanos e medios virtuais se manteña en galego. Pois, ao longo destes 14 anos, ese alumnado que agora ten 17, puido transitar por centros de ensino nos que só tivo que comunicarse en galego en clase de LGL. A isto hai que sumarlle o feito de que, cada vez un maior número de alumnado desenvolve a súa socialización de xeito virtual e, polo tanto, en castelán ou mesmo en inglés. A situación aínda se agrava máis cando na casa non se lles fala galego ou cando habitan nos espazos urbanos ou urbanizados (non é o mesmo proceder dunha parroquia do rural que dunha escola do centro da vila e moito menos habitar unha das cidades galegas).

A pesar da ausencia de datos por parte de quen se comprometeu no propio Decreto a avaliar anualmente a situación, todas somos coñecedoras e coñecedores de distintos estudos promovidos ou desenvolvidos por entidades cívicas como A Mesa, instancias institucionais con competencias en lingua e cultura como o CCG ou a RAG; organismos internacionais como a Comisión Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias; así como coñecemos tamén as análises dos datos periódicos que ofrece o IGE. Todos eles constatan o que oímos e do que somos testemuñas cada día nos centros de ensino, como na sociedade: a escola deixou de ter un papel de axente normalizador; a familia perdeu o seu papel de transmisora interxeracional; aXunta, encargada de velar pola

súa normalización incumpre todos os mandatos legais, mesmo os propios; pois non hai vontade política para normalizar a lingua galega no seu propio territorio. En consecuencia, o galego está a vivir desde 2010, en palabras do presidente da RAG, un devalo lingüístico que o trouxo a esta situación actual de emerxencia lingüística.

Opinión 32. É unha evidencia que a situación é gravísima. A perda de falantes do galego medra progresivamente. Por desgraza a conciencia lingüística non é capaz de facer fronte a esa perda de falantes do galego. Pero tamén hai actitude receptiva; a meirande parte da poboación considera positivo que se use; comprenden que hai que ter unha actitude positiva; coincidencia xeral de protexer e activar políticas a favor do galego (consenso social a favor da promoción do galego, a pesar que non se traduzan nun maior uso da lingua). Os segmentos máis activos deben conseguir frear o descenso do uso mediante políticas amables e activas de promoción do galego; evitando contestacións (ex: aquí tamén se fala). Políticas dirixidas á poboación máis nova especialmente os videoxogos.

Opinión 33. A lingua está nun momento crítico e de emerxencia lingüística, cunha situación especialmente grave entre a mocidade, aínda que reversible. O máis preocupante é o acelerado do proceso de substitución lingüística, polo que se necesitan medidas contundentes e inmediatas que poña couto a esta situación.

MEDIDAS PROPOSTAS POLAS PERSOAS ENQUISADAS

Medidas para medios de comunicación (públicos e privados):

- Creación e máis contidos audiovisuais en galego.
- Incentivos ás empresas audiovisuais que empreguen o galego.
- Aumento da presenza do galego en medios dixitais e redes sociais.
- Garantir a presenza do galego na CRTVG, cunha programación e medios que garantan contidos en galego para todos os públicos, de calidade e cubrindo ocos que outros non fan
- No audiovisual televisivo e plataformas: cumprir os mínimos da Lei Audiovisual, coa garantía do 1,5% do galego, que actualmente non se está a cumprir.
- Programación infantil con contidos actualizados e atractivos en galego para ter acceso aos mesmos e garantir coñecemento.
- Cumprir a Carta Europea das Linguas Minorizadas, que di que se debe garantir medios en galegos.
- Xiro radical no funcionamento da CRTVG.
- Lei de publicidade institucional e aposta polo 100% da publicidade institucional en galego.
- Publicidade na CRTVG unicamente en galego.
- Vixilancia no cumprimento dos criterios de subvención das licenzas de radio no uso do galego.
- Iniciativa institucional para promover o galego nos medios privados.
- Impulso aos medios que usan o galego mediante subscricións públicas para centros públicos, hospitais, bibliotecas, etc.
- Subvencións a pequenos medios audiovisuais e de autoemprego.
- Potenciar a creación de medios efervescentes ou de nova creación.
- Apoiar medios privados que cumpran a porcentaxe de galego e promover o galego nos medios comarcais.
- Adaptar a Lei Audiovisual para aumentar a porcentaxe de galego.
- Fomentar produción propia, dobraxe e recuperar audiovisual potente.
- Que o criterio lingüístico teñan máis presenza, tanto no uso da lingua como na aposta por expertos que falen en galego.
- Coidar a calidade lingüística e potenciar e visibilizar as diferenzas dialectais, normalizando a súa existencia e uso.
- Actualizar os contidos da TVG para facelos máis atractivos e destinados a outros públicos, especialmente o máis novo.
- Creación dun grupo de comunicación galego e en galego, con persoal e capital.
- Repensar a programación da TV.
- Aplicar as medidas que xa existen (plan xeral de normalización, carta europea).

- Traballar na vehiculización da lingua portuguesa, coa incorporación das canles lusófonas. Acordar contidos con TVs de Brasil.
- Potenciación de liñas e programas de éxito (Dígocho eu, Era Visto)

Medidas para medios a administración pública

- Reforzar a atención ao público en galego.
- Obrigar ao uso do galego en todos os trámites administrativos.
- Reforzar a atención ao público en galego
- Na administración estatal as prazas deberían estar territorializadas , debendo esixir ter coñecemento en galego para o persoal asignado a Galicia.
- O software empregado pola administración e as páxinas web institucionais deberían ter garantido o uso do galego.
- Garantir a rotulación en galego de toda a administración, cartelería e mensaxes que se envían (SMS, etc).
- Achegar o galego a todos os trámites, incluíndo os que agora non se poden facer: multas, etc.
- Oferta positiva, preferencia no uso do galego por parte do funcionariado.
- Facer que o galego sexa a lingua inicial para dirixirse desde a administración á cidadanía.
- Formación obrigatoria para o funcionariado.
- Impulsar o galego como lingua efectiva de traballo.
- Introducir o galego como lingua de actividades extraescolares promovidas pola administración.
- Garantir o dereito a uso en trámites (casamentos, nacementos, ...)
- Recuperar os servizos de normalización lingüística.
- Mellorar a corrección lingüística na administración.
- Facer que o galego sexa obrigatorio en todos os servizos que presta a administración a través de empresas.
- Facer obrigatoria a necesidade de dar servizo en galego nas empresas e trámites que todo cidadán ten obrigación de ter: seguros, hipotecas...
- Evitar a confrontación nas políticas de lingua, apostar polo convencemento.
- Obriga de que toda a documentación estea en galego sen ter que solicitalo previamente (trámites, exames de conducir...)
- Oficina / liña de atención para atender cuestións sobre a lingua (onde facer cursos, faqs...).
- Auditoría e externa nas administracións para velar polo cumprimento.
- Creación e reforzo dos Servizos de normalización lingüística que planifiquen, deseñen, executen e avalíen accións de promoción da lingua desde a administración. E máis que obrigar, concienciar e sensibilizar sobre o papel que

xoga a administración no proceso de normalización da lingua. Dar a coñecer a lexislación e velar por que se cumpra.

- Normalizar, seducir, ofrecer.

Medidas para o ámbito educativo

- Incrementar o número de horas lectivas en galego.
- Crear materiais didácticos innovadores e atractivos en galego
- Garantir o uso do galego no sistema educativo.
- Poñer o galego nos máximos no sistema educativo, desde infantil a bacharelato e FP.
- Levantar o tope de prohibición do 50% se non hai inglés;
- Camiñar cara un decreto que contemple ensino completamente en galego
- Favorecer a realización dos traballos de fin de grao en galego.
- Vías de financiamento para xente que fai contidos educativos en galego.
- Eliminar enquisa aos pais.
- Fomentar bibliografía en galego no ensino universitario e a creación de textos científicos.
- Na universidade, valorar o peso das publicacións científicas e de ámbito local.
- Política de inmersión en infantil e primaria.
- Ofrecer exames universitarios en dúas linguas sen ter que solicitalo.
- Articular a presenza do portugués dentro do ensino do galego, estudando as diferenzas ortográficas, fonéticas e gramaticais, e normalizando a lectura en portugués.

Medidas para concienciar ao estudiantado

- Integración da lingua en proxectos interdisciplinarios.
- Obradoiros de normalización lingüística
- Charlas de figuras galegas sobre o valor da lingua
- Premios aos traballos, guías en galego para materias.
- Fomento da ciencia en galego.
- Reforzo positivo
- Creación de programas de prestixio.
- Fomentar o galego como lingua vehicular real.
- Fomentar espazos seguros para a lingua.
- Posta en marcha de programas de apoderamento lingüístico.
- Fomentar clubs de lectura, temas musicais, deportivos, etc.
- Promover accións asociadas a novas tecnoloxías e audiovisual.

Medidas para o ámbito empresarial, a hostalería e o comercio local:

- Incentivar ás empresas a utilizar o galego en publicidade e servizos.
- Crear certificados ou recoñecementos para empresas que empreguen o galego.
- Programas de software en galego.
- Modificar normativas: hai dereito a usar o galego, pero non deber das empresas de o usar, o que implica que non hai garantía.
- Actuar con firmeza en incumprimentos (rexistros, notarias, banca, subvencións que non se cumbran).
- Axudas ao branding e publicidade en galego.
- Potenciar a usar os horarios en galego.
- Fomentar o galego nas cámaras de comercio, e potenciar o seu uso para chegar aos gobernos.
- Incentivar o uso do galego en publicidade e servizos, e mellora desde a educación en servizos ao público.
- Apoio público para implementar o galego en software de xestión, etiquetaxe.
- Beneficios fiscais por empregar o galego.
- Academias con temarios en galego.
- Creación dunha oficina de atención ao empresariado que quere galeguizar.
- Prima aos produtos etiquetados en galego.
- Que os contratos e proxectos coa Administración estean en galego e respectando a toponimia.

Medidas para a mocidade:

- Promover contidos culturais e de entretemento en galego (música, series, videoxogos)
- Fomentar aos influencers e creadores de contido en galego.
- Crear espazos de encontro xuvenís onde o galego sexa a lingua vehicular
- Potenciación de actividades extraescolares en galego (asociacionismo, anpas, concellos..:).
- Potenciar o galego nos xoguetes.
- Fomentar o debate nas familias arredor da cuestión lingüística.
- Axudas a novos artistas e creadores que apostan polo galego.
- Incentivar dobraxes en galego.
- Afianzar lazos coa lusofonía
- Potenciar o galego en debuxos, DJs, historias de interese.
- Potenciar proxectos de conciliación familiar.
- Garantir o galego nos espazos de lecer (cinema, ocio etc).
- Incentivar a creación de espazos seguros para o galego.

- Oferta de actividades atractivas para a xente nova que introduzan o galego con naturalidade.

Medidas para o mundo dixital e tecnolóxico

- Desenvolver máis ferramentas dixitais en galego (aplicacións, software, tradutores...)
- Incentivar a creación de webs e blogs en galego.
- Promover o uso do galego nas redes sociais e plataformas de contido.
- Fomentar galego en caixeiros como lingua propia.
- Fomentar o desenvolvemento de ferramentas de IA, apostando polo Proxecto Nós.
- Fomentar o contacto con empresas tecnolóxicas para apostar por integración en novas tecnoloxías.
- Potenciar o .gal en novos ámbitos.
- Fomentar o galego como lingua de audiolibros.
- Carteira laboral para a creación de contidos dixitais.

Medidas necesarias na lexislación

- Reforzar a lexislación sobre o uso do galego en espazos públicos e privados,
- Facer obrigatorio o galego en determinados sectores (educación, xustiza, sanidade)
- Mellorar os mecanismos de control e sanción en casos de incumprimento,
- Reforzo positivo involucrando á poboación.
- Artellar un mecanismo áxil que recolla as queixas de vulneración do dereito das persoas galegofalantes e que lles dea solución.

Medidas en ámbitos civís (asociacións, colectivos...)

- Campañas de sensibilización sobre a transmisión interxeracional do galego.
- Fomentar o uso do galego en espazos comunitarios e sociais.
- Organizar actividades culturais en galego.
- Colaborar con entidades públicas para apoiar políticas lingüísticas.
- Promover contacto de nenos de cidades e rural.
- Aplicar técnicas de marketing modernas para a promoción amable da lingua.

Medidas para a atención ao cliente e o comercio

- Formación específica para os traballadores
- Incentivar o uso voluntario a través de descontos ou premios
- Obrigar ás empresas a garantir a atención en galego

- Incentivar o uso voluntario a través de descontos ou premios
- Garantir o dereito a recibir facturas en galego dos servizos.
- Demostrar -con datos científicos- que o galego vende.
- Promover a existencia de call centers en galegos.
- Promoción con melloras fiscais.

Medidas para os ámbitos deportivos

- Promover o galego en clubs deportivos de base e afeccionados
- Facer obrigatoria a comunicación en galego nas entidades deportivas
- Posta en marcha de cursos de galego para formación
- Fomentar o galego nas subvencións de ámbito deportivo, facendo necesario que os clubs que reciben axudas públicas teñan que usar o galego.
- Fomentar e poñer en valor referentes deportivos galegofalantes.
- Garantir que as webs das federacións deportivas estean en galego.
- Impulsar o galego nas retransmisións deportivas.

Medidas para o sistema sanitario

- Fomentar a atención en galego nos centros de saúde.
- Garantir que toda a documentación clínica estea dispoñible en galego,
- Formación obrigatoria en galego para o persoal sanitario.
- Facer que as empresas e hospitais coas que ten convenio o SERGAS garantan a atención en galego.
- Actualizar manual de boas practicas para que o galego sexa lingua inicial na atención
- Garantir toda a rotulación en galego.
- Sensibilizar sobre a importancia do uso do galego neste ámbito para mellorar o servizo.
- Esixir o coñecemento oral e escrito do galego na contratación de persoal.
- Que o persoal que poida atender en galego leve un distintivo.

Medidas para o ámbito xudicial

- Formar xuíces, avogados e outros profesionais xurídicos no uso do galego.
- Garantir o dereito a recibir atención xudicial en galego,.
- Impulsar a tradución de documentos legais ao galego.
- Normalizar que calquera demanda sexa atendida en galego.
- Garantir a presenza de entrada en todos os tramites xudiciais
- Axilizar a tradución da lexislación.
- Facilitar os programas de xestión procesual en lingua galega.

Medidas noutros ámbitos

- Potenciar o uso do galego no notariado e todos os seus trámites.
- Integrar a vehiculización da lingua na política turística, potenciando o idioma como patrimonio.
- Garantir o galego nas infraestruturas de transporte.
- Garantir o uso correcto da toponimia.
- Potenciar a creación de redes sociais galegas.
- Crear unha irmandade da lingua.
- Garantir o galego en testamentos, partillas e toda a documentación relacionada co ciclo de vida: casamentos, morte, etc.
- Apostar polo talento e a creatividade.
- Temporalizar os obxectivos de normalización para poder avalialos, corrixindo as eivas.
- Traballar para quitar o estigma de que é un idioma “cultural”.
- Reactivar a presión social polo galego.



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO